

### Xaquín Rosales Vilagarcía de Arousa, 1958

Vive e traballa en Vilagarcía de Arousa.

Fotógrafo identificado co ambiente cotián e cunha tendencia creativa orientada cara á realización de imaxes que tentan representar, desde unha perspectiva metafísica e poética, espazos temporais apoiados na memoria.

Expón a súa obra regularmente, participando nos últimos anos en numerosas exposicións colectivas e individuais. Camiñante incansable, curioso e observador, imprime aos seus traballos unha coherencia estilística, con dose de naturalidade e de aberta visión.

#### ANACO, a viaxe do home e a poesía

Nesta nova viaxe, que nos propón e mostra Xaquín Rosales, escoitamos o canto inequívoco da poesía, as súas costuras de silencio, amizade copiosa e trémula cos homes. ANACO é unha deconstrución do banal, un rexeitamento consciente á arquitectura como máscara ou consumo, que se decanta polo óso e o po.

O viaxante de ANACO non pode rexeitar a soidade, corre con sixilo a deshora e utiliza o recuncho de catapulta ás súas intencións. A présa deste viaxante vénlle do corazón e nunca dun

reloxo, coñece o mundo pero intenta rescatar algo da súa desgraza; é o ombreiro que leva un ave por consciencia, e en ocasións atopa gaiolas que non intenta abrir.

As cores do mundo de ANACO foron tranquilizadas, como imaxes dun incendio que é menos doloroso por ser gris. O branco e negro enmudece, cotexa co fantasmal, borra o tempo e fixa unha especie de fe. Son fotografías que flúen sen movemento. Son movemento sen acción. Son accións sen extravío. Extravío sen ingravidez. A tolemia mollou apenas os seus bordos. A poesía é a súa constante: espida, chaira, denodada infancia, certeza senil, nácese e vólvese, vaíse e regrésase. O tren da soidade non ten un único destino, o viaxante coñéceo. ANACO ou CACHO é un mosaico primitivo, a metáfora da nosa fragmentación e riqueza, un calidoscopio. Xaquín Rosales colleccionou espellos onde os homes sempre poderemos vernos reflectidos. Nora Méndez

No Centro Cultural «Marcos Valcárcel» do 5 ao 18 de novembro



